



CPI de Cova Terreña

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	5
1.3. Breve xustificación do mesmo	6
1.4. Proceso de elaboración	6
2. Situación de partida	7
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	7
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	7
2.3. Análise DAFO	9
3. Plan de Acción	10
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	10
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	19
4. Avaliación do plan	19
5. Difusión do plan	20

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPI de Cova Terreña está situado no centro urbano do Concello de Baiona, ao carón do pavillón municipal, o que permite unha estreita colaboración entre as dúas entidades. Ao mesmo tempo está situado no lugar de Covaterreña, unha zona sombría e húmida da vila que afecta ao estado do edificio e das súas instalacións.

A comunicación da vila coas poboacións máis próximas é boa, non tanto entre as parroquias do propio concello. Pese a estar situado no centro da vila, moitas familias achéganse nos seus vehículos particulares ao centro nas horas de entrada e saída, xerando graves problemas circulatorios, debido ao pouco espazo de aparcamento e manobra, sendo necesaria a presenza dunha patrulla da Policía Local para a seguridade do alumnado e organización do tráfico.

Denominación	Centro Público Integrado de Cova Terreña
Código	36000247
Enderezo	Rúa Dolores Agrelo, s/n
Concello	36300 Baiona
Provincia	Pontevedra
Teléfono	886120001
Correo-e	cpi.cova.baiona@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/

O CPI de Cova Terreña está a funcionar con 4 unidades de Educación Infantil, 12 unidades de Educación Primaria e 10 unidades de Educación Secundaria (desdóbráronse en tres grupos os niveis máis numerosos 1º e 2º ESO pola incidencia COVID).

O Claustro está composto por 51 membros, incluíndo dúas docentes compartidas co noso centro para suplir horas de Relixión Católica, onde o 17,6% do profesorado está en situación provisional no centro, situación que mellorou moito respecto de anos anteriores tras ser adjudicado profesorado con destino definitivo de Ed.Secundaria.

O persoal non docente consta dun auxiliar administrativa, 2 subalternos e 1 coidadora.

A procedencia do noso alumnado é maioritariamente do centro da vila, acollendo ao alumnado do CEIP de Belesar na etapa de Educación Secundaria, o 4,04% da matrícula do centro, que é transportado nunha única liña de autobús (18 alumnos/as). A presenza de alumnado de procedencia estranxeira non é significativa (2%, 9 alumnos e alumnas). Ao inicio do curso contamos con 446 matrículas no centro. Hai unha proporción equilibrada entre alumnos (224) e

alumnas (222) que teñen como lingua materna, maioritariamente, o castelán, sendo o galego deostado en moitas ocasións.

A distribución de alumnado por grupos é a seguinte:

Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa				
4º Ed.Infantil	18	18	69	
5º Ed.Infantil	18	18		
6º Ed.Infantil A	16	33		
6º Ed.Infantil B	17			
1º Ed.Primaria A	15	29	196	
1º Ed.Primaria B	14			
2º Ed.Primaria A	12	23		
2º Ed.Primaria B	11			
3º Ed.Primaria A	19	37		
3º Ed.Primaria B	18			
4º Ed.Primaria A	17	32		
4º Ed.Primaria B	15			
5º Ed.Primaria A	18	36		
5º Ed.Primaria B	18			
6º Ed.Primaria A	20	39		
6º Ed.Primaria B	19			
1º ESO A	17	50		181
1º ESO B	17			
1º ESO C	16			
2º ESO A	18	54		
2º ESO B	18			
2º ESO C	18			
3º ESO A	18	37		
3º ESO B	19			
4º ESO A	20	40		
4º ESO B	20			
TOTAL GRUPOS: 4+12+10 = 26 Grupos clase		446		

Datos actualizados a 09/06/2022

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro participa en diversos proxectos da Consellería de Cultura, Educación e O.U. que achegan recursos ao mesmo, entre os que se atopan recursos dixitais: equipos informáticos para alumnado e profesorado, EDIs, conexión a Internet,...

O centro educativo está situado ao carón do Camiño de Santiago, o que impediu a conexión por fibra ao mesmo. A conexión actual é por radioenlace cunha velocidade de conexión de 200Mbps dentro do proxecto *Escuelas Conectadas*.

O centro é E-Dixgal en todos os cursos posibles: de 5º Ed.Primaria a 4ºESO, cunha inmersión total en 5º e 6º Ed.Primaria e unha participación mixta nos niveis de ESO. Actualmente 14 grupos de alumnado son E-Dixgal con 257 alumnos e alumnas con equipo propio así como o profesorado E-Dixgal.

Existe unha aula de informática con 15+1 equipos de traballo.

Asemade o centro educativo conta con equipos destinados ao alumnado dos outros grupos en armarios de carga que empregan segundo as tarefas indicadas.

Os departamentos didácticos dispoñen de equipo de sobremesa e na sala do profesorado existen equipos (6) de traballo. A impresión está centralizada.

A parte administrativa conta con equipos de traballo e existen portátiles para usos puntuais (4).

A formación do profesorado nas novas tecnoloxías é dispar, precisando habitualmente apoio nas súas tarefas cotiás.

Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo

O Plan Dixital contribuirá dende varias fronteas distintas ao Proxecto Educativo e á práctica docente do centro.

- Contribuirá á mellora das aulas virtuais (tanto do centro coma da plataforma E-Dixgal) empregadas co alumnado, dado que toda a comunidade educativa será obxecto de formación en materia dixital.
- A partir do curso 2023/2024 todas as programacións didácticas incluírán un apartado de contribución ao Plan de Formación Dixital do Alumnado.
- Asemade, buscarase unha mellora de equipamento e infraestrutura a través de programas de innovación educativa (Polos Creativos), Plans Proxecta (MeteoEscolas, Aprendo programando) e Contratos-Programa (EDUInnova).
- No seo da CCP estase a desenvolver un plan de formación para o alumnado nas habilidades TIC precisas ao longo da súa formación baseado do DigCompOrg.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23

- Os distintos obxectivos fixados neste Plan Dixital serán recollidos na PXA 22/23 para a súa execución entre toda a comunidade educativa. Será un eixo importante de traballo ao longo do curso.
- A formación do alumnado respecto das habilidades TIC verase regulada e establecida en base ao traballo realizado pola CCP no documento de formación da competencia dixital do alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

En outubro de 2021 constituíuse o grupo de Plan Dixital constituído por persoal de primaria, secundaria e equipo directivo, sendo unha mostra representativa do claustro do centro. O equipo está formado polos seguintes membros:

- Dna. María Isabel Martínez Cabaleiro (Dirección, Secundaria)
- D. Carlos Freire Pardo (Primaria, Coordinador TIC)
- Dna. María Luísa Aldao González (Secundaria)
- Dna. Jessica Ingrid Piñeiro di Blasi (Secundaria, Coordinadora do PD)
- Dna. Patricia María Cabadas Álvarez (Primaria)
- Dna. Carla Iglesias Comesaña (Secundaria)

O equipo reúne semanalmente os xoves de 11:30 a 12:20, ademais de establecer sesións de tarde de traballo.

Con esta visión global do centro afrontáronse as seguintes fases:

1. FASE 1: Revisión da lexislación aplicable
2. FASE 2: Establecemento dos recursos e organización para elaboración do Plan.
3. FASE 3: Análise da situación
4. FASE 4: Análise da información recabada e redacción do DAFO
5. FASE 5: Establecemento de obxectivos e accións para levalos a cabo e presentación ao claustro
6. FASE 6: Redacción do Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A situación de partida do centro en relación a infraestrutura, equipamento e servizos dixitais é a seguinte:

- Equipamento do alumnado: desde 5º de Primaria ata 4º de Secundaria está implantado o proxecto E-Dixgal (cada alumno e alumna dispón do seu portátil convertíbel para o seu individual).
- Equipamento do profesorado: cada docente cunha materia impartida no proxecto E-Dixgal dispón dun portátil de uso individual.
- Aulas equipadas con canón, pantalla e portátil de aula.
- Nas aulas de Ed. Infantil e de 1º a 4º de Primaria a pantalla do canón presenta moitas deficiencias por tratarse dun equipamento obsoleto.
- Infraestrutura dixital do centro: conexión cableada de 200Mbps e rede WiFi.
- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, correo electrónico, aula virtual, Ageiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalar Móbil,...).
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: o coordinador TIC leva o mantemento do equipamento do centro co apoio da UAC nos casos precisos.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: Plan de continxencia do centro para o ensino virtual.

Non se conta co tempo suficiente dispoñible para atender a carga de necesidades que xera a posta en marcha e mantemento dos recursos TIC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A elaboración da análise DAFO baseouse na autoavaliación SELFIE e no Test CDD, ferramentas habilitadas pola Comisión Europea e a Xunta de Galicia para a reflexión no emprego da tecnoloxía no labor docente.

A seguinte táboa contén o resumo das áreas avaliadas no **informe SELFIE** nas etapas educativas impartidas no centro.

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	4.4	4.1
	Profesorado	3.8	4.1
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7	4.5
	Profesorado	3	3.5
	Alumnado	3.9	3.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.2	4.1
	Profesorado	4.1	4.1
	Alumnado	4.5	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3	4.3
	Profesorado	3.9	4.4
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.6	4.4
	Profesorado	4	4.2
	Alumnado		4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4	3.8
	Profesorado	3.7	3.6
	Alumnado	3.4	3.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3	3.1
	Profesorado	3.3	3.3
	Alumnado		3.2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.6	4
	Profesorado	3.6	3.9
	Alumnado	4.1	3.6

A continuación inclúense os resultados extraídos do **Test de Competencia Dixital Docente** (Test CDD).

Participación segundo perfil do profesorado participante no Test CDD:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	26	33	78,8%
PROVISIONAL	7	7	100%
INTERINO	9	9	100%
SUBSTITUTO	6	9	66,7%
OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas educativas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,6	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)

Pri.	79,3	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
Inf.	50,3	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis educativos:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2%
A2	18	36,7%
B1	19	38,8%
B2	8	16,3%
C1	2	4,1%
C2	0	0%
TOTAL	48	97,9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o Test CDD o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Conexión a 200 Mbps. Armarios de carga. Dotación cunha antigüidade máxima de 6 anos. Kits de equipos con conexión para as familias que o precisen. Espazos didácticos dotados con kits dixitais (equipo informático, proxector, etc.). Impresoras 3D.</p>	<p>Non sempre se dispón dunha asistencia técnica inmediata cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Cadro de persoal estable. Liña de formación no centro.</p>	<p>Parte do profesorado de primaria non percibe que se conte cunha estratexia dixital do centro nin se fan proxectos interdisciplinares empregando as mesmas.</p> <p>O profesorado non se apoia en tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos alumnos.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Cadro de persoal estable.</p>	<p>Baixa formación en competencia dixital.</p>
	ALUMNADO	<p>Todo o alumnado ten un equipo informático de uso individual á súa disposición. Formación dixital para o ensino virtual e comunicación co equipo docente.</p>	<p>Non se lle facilita a retroalimentación ao alumnado a través de medios dixitais. Dificultade para a boa xestión de acceso a recursos dixitais.</p>
	FAMILIAS	<p>O 98% das familias do centro empregan Abalar móbil.</p>	<p>Baixa formación en competencia dixital. Baixa conciencia da necesidade de dotación tecnolóxica destinada á educación.</p>
	OFERTA	<p>Iniciación á robótica en 4º e 6º EP. Programación en 2º ESO. Obradoiros sobre novas tecnoloxías.</p>	<p>A materia de programación só se oferta en 4º e 6º de primaria.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O correo electrónico é a ferramenta de comunicación do centro. As titorías empregan Abalar móbil para a comunicación confidencial co equipo docente.</p>	<p>Os RACKs atópanse en áreas de traballo.</p>

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de plans que facilitan o acceso a ferramentas dixitais (E-Dixgal, Iniciación á Robótica en Primaria, dotación para fenda dixital).	Duplicidade de plataformas de formación en liña (E-Dixgal, aula virtual de Moodle).
	LEXISLACIÓN	Fomento da competencia dixital do alumnado e profesorado.	Cambios constantes na normativa educativa.
	CONTORNA	Cercanía a polígonos industriais con empresas tecnolóxicas.	O centro educativo está situado nunha área de perfil socioeconómico medio-baixo.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración coa Universidade de Vigo en proxectos como Inspira STEAM. Colaboración do profesorado das Escolas Técnicas co alumnado do centro. Colaboración con outras empresas técnicas e tecnolóxicas.	Dificultades de acceso á biblioteca municipal por parte do alumnado menor de idade.

3. Plan de Acción

En cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación enuméranse as áreas prioritarias de mellora e os obxectivos descritos no Plan Dixital:

- **A Liderado:**
 - A1 Estratexia dixital. O obxectivo é elaborar unha estratexia dixital docente (Redacción do Plan Dixital).
 - A6 Participación das empresas na estratexia. O obxectivo é colaborar con outros axentes externos do ámbito STEAM.
 - A3 Novas modalidades de ensino. O obxectivo é fomentar o uso das aulas virtuais e outros recursos TIC por parte do profesorado.
- **C Infraestructuras e equipos:**
 - C1 Dispositivos dixitais para o ensino. O obxectivo é manter a dotación informática do centro actualizada.
- **E Pedagogía: Apoio e recursos:**
 - E4 Comunicación coa comunidade educativa. O obxectivo é fomentar o uso das ferramentas corporativas (Abalar móbil, correo, etc.)

- E4 Comunicación coa comunidade educativa. O obxectivo é fomentar a formación dixital das familias (Abalar móbil, correo, etc.)
- **H Competencias dixitais do alumnado.** O obxectivo é organizar a formación do alumnado no uso e emprego das novas tecnoloxías.

Os indicadores, accións e axuste temporal para cada obxectivo quedan detalladas nas táboas seguintes:

Axuda para interpretar as táboas:

- (1) OBXECTIVOS "SMART":** Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento. No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).
- (2) INDICADORES:** **Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Trátase do valor do indicador da situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN:** Accións **concretas e necesarias** para desenvolver o obxectivo.
- (6) RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,...)
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción trátase de valorar o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Nesta mesma táboa reflíctese de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Áreas de mellora”: E Pedagogía: Apoio e recursos: E4 Comunicación coa comunidade educativa						
1. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso das ferramentas corporativas (Abalar móbil, correo, etc.)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesorado que emprega as ferramentas corporativas con varias finalidades					
Valor de partida (3)	Será fixado a través dunha enquisa ao corpo docente do curso 2022/23 no mes de setembro					
Valor previsto e data (4)	Unha mellora do 25% respecto aos datos recollidos na enquisa de partida			Maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do persoal docente para explicar a importancia do uso das ferramentas corporativas	Dirección	Setembro	Convocatoria de Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Cursos de formación sobre as ferramentas corporativas básicas (correo, Abalar móbil, XADE)	Equipo Plan Dixital	Setembro	PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Seguimento do uso das ferramentas corporativas	Xefatura de Estudos	Fin de cada trimestre	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: A Liderado: A1 Estratexia dixital						
2. OBXECTIVO (1):	Elaborar unha estratexia dixital docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoal do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A redacción dun Plan Dixital de centro consonte á situación dada					
Valor de partida (3)	Inexistencia do documento					
Valor previsto e data (4)	Documento operativo e funcional			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Reunión dos órganos colexiados do centro para recoller as estratexias a levar a cabo	Persoal do centro	Xuño de 2022	Documento colaborativo Normativa aplicable Reunión dos órganos colexiados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Redacción do documento do Plan Dixital	Equipo Plan Dixital	Xuño de 2022	Documento colaborativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Publicidade e seguimento do Plan Dixital	Equipo directivo	Xuño de 2023	Plan Dixital Rúbrica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: A Liderado: A6 Participación das empresas na estratexia						
3. OBXECTIVO (1):	Colaborar con outros axentes externos do ámbito STEAM				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e departamentos didácticos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realización de diferentes actividades con entidades do ámbito STEAM					
Valor de partida (3)	2 colaboracións					
Valor previsto e data (4)	4 colaboracións			Remate do curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Procura de colaboradores do ámbito STEAM	Persoal do centro a través da Dirección	1º trimestre do curso escolar	Correo electrónico Teléfono Registro de actividades Coordinadora de actividades complementarias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Planificación das actividades a realizar	CCP	Outubro	PXA Reunións Aprobación do CE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Coordinación das distintas actividades relacionadas co ámbito STEAM	Departamentos didácticos implicados Ciclos de primaria	Ao longo do curso	Material para a súa realización Xestión das autorizacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: E Pedagogía: Apoio e recursos: E4 Comunicación coa comunidade educativa

4. OBXECTIVO (1):	Fomentar a formación dixital das familias	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e ANPA	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realización de actividades formativas e creativas de carácter dixital coas familias e o alumnado		
Valor de partida (3)	Inexistencia de actividades formativas dixitais orientadas ás familias		
Valor previsto e data (4)	Realización de alomenos unha actividade formativa e creativa de carácter dixital	Xuño de 2023	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Informar das infraestruturas que temos no centro	Titorías Equipo Plan Dixital Equipo Directivo	Setembro de 2022	Reunións coas familias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Deseño das actividades	Equipo Plan Dixital	Marzo de 2023	Recursos do Polos creativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Organización de actividades tanto de formación como de creación para as familias e o alumnado	Equipo Plan Dixital e colaboradores externos	Xuño de 2023	Equipamento achegado pola Estratexia Dixital 2030 (STEMGal) Colaboradores do Plan Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: C Infraestruturas e equipos: C1 Dispositivos dixitais para o ensino						
5. OBXECTIVO (1):	Manter a dotación informática do centro actualizada				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos do centro coa última versión actualizada					
Valor de partida (3)	50% de equipos do centro coa última versión actualizada					
Valor previsto e data (4)	90% de equipos do centro coa última versión actualizada			20 de novembro de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Charla informativa aos novos usuarios de equipos do centro	Persoa coordinadora das TIC Equipo Plan Dixital	Setembro de 2022	Dispoñibilidade de tempo Elección do espazo Convocatoria da reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Revisión do inventario e asignación de equipos	Persoa coordinadora das TIC	Setembro de 2022	Protocolos educativos Panel de xestión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Actualización dos equipos	Persoa coordinadora das TIC	Novembro de 2022	Dispoñibilidade de tempo Software Switch Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Actualización continua dos equipos segundo a demanda	Persoa coordinadora das TIC	Xuño de 2023	Dispoñibilidade de tempo Software Switch Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: A Liderado: A3 Novas modalidades de ensino							
6. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso das aulas virtuais e outros recursos TIC por parte do profesorado					Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora da formación do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas virtuais creadas e en uso para todas as materias e enquisa ao alumnado						
Valor de partida (3)	Aulas virtuais creadas para as materias existentes						
Valor previsto e data (4)	Aulas virtuais para todas as materias impartidas no curso 2022/23 e 75% en uso				Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO6.1: Formación do profesorado no uso de recursos didácticos TIC	Persoa coordinadora da formación Equipo Plan dixital	Xuño de 2023	Liña de PFPP Microcursos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Asignación de materias a reforzar con recursos TIC	Claustro	Setembro de 2022	Convocatoria de Claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.3: Creación de aulas virtuais para todas as novas materias	Equipo Plan dixital Persoa coordinadora das TIC	Outubro de 2022	Aula virtual do centro Plataforma EVA E-dixgal Persoal docente		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: H Competencias dixitais do alumnado						
7. OBXECTIVO (1):	Organizar a formación do alumnado no uso e emprego das novas tecnoloxías				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Planificación da adquisición das competencias dixitais básicas do alumnado					
Valor de partida (3)	Inexistencia de planificación					
Valor previsto e data (4)	Plan de formación dixital do alumnado redactado			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión dos órganos colexiados para informar ao persoal docente do obxectivo a alcanzar	Órganos colexiados	Setembro de 2022	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización dunha análise das ferramentas que se empregan e o coñecemento preciso para o seu uso	Órganos colexiados	Marzo de 2023	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Redacción do plan de formación dixital do alumnado	Equipo Plan Dixital	Xuño de 2023	Persoal do Plan Dixital Recursos de edición dixital de uso compartido Dedicación horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As accións definidas para lograr os obxectivos en cada área de mellora establecida no Plan dixital require de unha serie de necesidades de mellora da infraestrutura tecnolóxica, equipamento e servizos dixitais educativos.

A continuación cítanse as necesidades de equipamento e infraestrutura detectadas durante a análise deste Plan Dixital relacionando as mesmas cos obxectivos do Plan de Acción definidos. Cada grupo de equipamento relaciónase coa área de mellora seguindo o código que aparece nas táboas da sección 3.1., xustificando así a finalidade para a que se precisan estas melloras de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas:

1. Mobiliario: mesas abatibles e portátiles, cadeiras lixeiras e apilables, mesas para traballo en grupo, tallos, cadeiras con rodas, encerado.

E.E4

2. Audiovisual, fotografía e RV: cámaras de fotografía e vídeo, trípodes, sistemas de gravación de audio e radio, soportes para tabletas, cromas, equipamento de iluminación, gimbals, gafas de RV.

A.A3 / E.E4 / H

3. Electrónica e robótica: kits de electrónica básicos e avanzados, microcontroladores, sensores, actuadores, sistemas IoT, domótica, circuitos de papel.

A.A3 / H

4. Deseño, fabricación e construción: CNC, impresión 3D, kit de e-téxtil.

A.A3 / H

5. Informática: monitores, ordenadores, taboleiros interactivos, tabletas, escáner 3D.

A.A3 / A.A6 / C.C1 / E.E4

4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do Plan Dixital realizarase a través da consecución dos obxectivos enunciados no plan de acción (sección 3.1) nas datas que se especifican a continuación:

1. En maio de 2023, unha mellora do 25% nos resultados da enquisa para facer seguimento do uso das ferramentas corporativas (*obxectivo 1*).
2. En xuño de 2023, rúbrica para valorar a publicidade e o seguimento do Plan Dixital (*obxectivo 2*).

3. Ao remate de cada curso escolar, realización de 4 colaboracións con entidades do ámbito STEAM (*obxectivo 3*).
4. En xuño de 2023, realización de alomenos unha actividade formativa e creativa de carácter dixital (*obxectivo 4*).
5. A 20 de novembro de 2022, ter o 90% de equipos do centro coa última versión actualizada (*obxectivo 5*).
6. En xuño de 2023, dispoñibilidade de aulas virtuais para todas as materias impartidas no curso 2022/23 e 75% en uso (*obxectivo 6*).
7. En xuño de 2023, ter redactado un plan de formación dixital do alumnado (*obxectivo 7*).

No contexto da avaliación final, no suposto de non lograrse os obxectivos indicados anteriormente no tempo e forma que foron previstos no plan de acción, establecerase unha proposta de mellora no Plan Dixital do seguinte curso.

5. Difusión do plan

A estratexia a seguir para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será a seguinte:

- O persoal docente será informado do Plan Dixital na sesión de claustro de inicio de curso.
- As familias serán informadas na sesión informativa do inicio do curso coas titorías.
- O documento farase público na páxina web do centro para a súa disposición a toda a comunidade educativa.
- Incluír nas programacións didácticas de cada materia o Plan de formación dixital do alumnado (*obxectivo 7*).